



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 33)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dous de setembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e o señor deputado don José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de agosto de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POSTA EN MARCHA E MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DO CONTROL INTERNO POLA INTERVENCIÓN PROVINCIAL.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o presente asunto sobre a mesa co obxecto de revisar cuestións técnicas e corrección de certas deficiencias detectadas no expediente.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DE OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María, consta no mesmo:

Proxecto da obra LUGO.- Repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María, redactado pola Directora da Unidade de Proxectos.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7DGQJM3566QVFL4AVTGNQQ44.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7DGQJDLE55JKVI2M4EGBYEE4.

Acta de Reformulo Previo, de data 26/07/2022.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AWGADYAZ74SOCQH7SAZDD6M.

Licencia municipal.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AXTI5F57ZVHH3YZVVCJBGIM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AXTIS3YJCJPG4W5OF6BJVAQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Repavimentación zona de aparcamento explanadas 1 e 2 de Santa María, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos

156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 372.000,00 €, dos cales 64.561,98 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950, consta no mesmo:

Proxecto da obra TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVSQ5PU7Y3355CZECEEDFCY.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7AVWZ5CBF7J77SAQNH4NTFEE.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AUOJOBMOY5LHMAE7N6EJ7IM.

Acta de Reformulo Previo, de data 17/08/2022.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AUPLKDMG6Z27ZCRMMMFM.



Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AWAP4KFRIRDZP4MYUEMQTCQ.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AWAPTNT7JYRJTTTRF5AZHX6A.

Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950 segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constando motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 151.947,09 €, dos cales 26.370,98 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500, consta no mesmo:

Proxecto da obra BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVSQSLJOZRXB56EAMMJQXOE.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7AVWZDB4W7VDFOYRIEN3QFIY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AUOPZLABD57B76VO4IUKONY.

Acta de Reformulo Previo, de data 17/08/2022.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AUPLPEH63TRGYZQ7FKYKHCE.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AWAP4NJEL4T5365GGAJAOGM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AWAPTNRVLYW6JDQIXIDZGIQ.



Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500, segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constando motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 159.830,88 €, dos cales 27.739,24 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ANTRAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0304 “Arcos (LU-P-0301) – límite provincia Pontevedra (salto da Agüela)”, P.K. 0+000 a 4+443 e LU-P-0305 “Gradoi (LU-P-0302) – Cruceiro”, P.K. 0+000 a 1+216.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ANTRAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0304 “Arcos (LU-P-0301) – límite provincia Pontevedra (salto da Agüela)”, P.K. 0+000 a 4+443 e LU-P-0305 “Gradoi (LU-P-0302) – Cruceiro”, P.K. 0+000 a 1+216, consta no mesmo:

Proxecto da obra ANTRAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0304 “Arcos (LU-P-0301) – límite provincia Pontevedra (salto da Agüela)”, P.K. 0+000 a 4+443 e LU-P-0305 “Gradoi (LU-P-0302) – Cruceiro”, P.K. 0+000 a 1+216, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVWAIP5FP3CWYJCJ6FAD7A44.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7AVWYIPV5KRTPL4QEAA73RC4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AVWAIF3UN77U44TWEM777GA.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7AVWAJNQ46RVF5VX5GEFY75Y.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AVWLDYFZOYWNLQZQSE3XUBY.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AXTHIFX575GV5TVMFLZXO54.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AXTHJYFN7V3EIWXXBMIHUDY.

Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.



CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0304 “Arcos (LU-P-0301) – límite provincia Pontevedra (salto da Agüela)”, P.K. 0+000 a 4+443 e LU-P-0305 “Gradoi (LU-P-0302) – Cruceiro”, P.K. 0+000 a 1+216, segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constando motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0304 “Arcos (LU-P-0301) – límite provincia Pontevedra (salto da Agüela)”, P.K. 0+000 a 4+443 e LU-P-0305 “Gradoi (LU-P-0302) – Cruceiro”, P.K. 0+000 a 1+216, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 280.433,01 €, dos cales 48.670,19 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-2925 “estrada río Rato (N-VI – LU-530)”, P.K. 0+000 a 3+079.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial Lu-P-2925 “estrada río Rato (N-VI – LU-530)”, P.K. 0+000 a 3+079, consta no mesmo:

Proxecto da obra LUGO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-2925 “estrada río Rato (N-VI – LU-530)”, P.K. 0+000 a 3+079, con CSV: IV7AUOP7PEUCTXRYQEXMIQSHA4.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AUO74LBBL3WN56JAFK327LY.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7AWXLPBBR74SUTWQFFANRSFY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AUO74PJ5D3NO33QIROQTQHY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7AUOP4JABOXRJNAAH4GILOJ4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AVSXOKE4Y7SZ7QH4AGVSPO4.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AXTC7FVVNUX56WLXMF4ZAKU.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AXTC5JUFT5CE225HTDZTPEQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de LUGO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-2925 “estrada río Rato (N-VI – LU-530)”, P.K. 0+000 a 3+079 segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constando motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-2925 “estrada río Rato (N-VI – LU-530)”, P.K. 0+000 a 3+079, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 156.215,71 €, dos cales 27.111,82 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: SOBER.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos*

con gravilla, da estrada provincial LU-P-5904 “Sober (LU-P-5903) – Gundivós – Vilachá (LU-P-5903) e accesos a Santa Cruz e Sanmil”, P.K. 0+040 a 0+646 e 5+500 a 12+080.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: SOBER.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-5904 “Sober (LU-P-5903) – Gundivós – Vilachá (LU-P-5903) e accesos a Santa Cruz e Sanmil”, P.K. 0+040 a 0+646 e 5+500 a 12+080, consta no mesmo:

Proxecto da obra Sober.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-5904 “Sober (LU-P-5903) – Gundivós – Vilachá (LU-P-5903) e accesos a Santa Cruz e Sanmil”, P.K. 0+040 a 0+646 e 5+500 a 12+080, con CSV: IV7AVQPDEFHJSJGW4WRQMBYSR4E.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVWB6BD6ZVDWD2NHDELZHCQ.

Informe relativo á urxencia na tramitación do expediente de contratación, con CSV: IV7AWXKPMF7KUSPNTVOW73QXP4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7AVWADFJEL4VEMY4HHMEJTMA.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7AVQPCYFOC4SZ2SIVSCTTSCM.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7AVWJLLEJ37WZYQBPF6PZ644.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscripción de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AWPYL3FWSWX5N4QIEMABPKY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AWPZ5FA6PVCOTC3VF6VC6JY.

Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Apreciar a urxencia e declarar a mesma, e conseguintemente seguir a tramitación do procedemento de contratación para a obra de SOBER.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-5904 “Sober (LU-P-5903) – Gundivós – Vilachá (LU-P-5903) e accesos a Santa Cruz e Sanmil”, P.K. 0+040 a 0+646 e 5+500 a 12+080, segundo o disposto no artigo 119 LCSP, constanding motivada a urxencia en informe emitido pola Unidade Xestora.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: SOBER.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla, da estrada provincial LU-P-5904 “Sober (LU-P-5903) – Gundivós – Vilachá (LU-P-5903) e accesos a Santa Cruz e Sanmil”, P.K. 0+040 a 0+646 e 5+500 a 12+080, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

3º.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

4º.- Aprobar o gasto, por importe de 123.875,77 €, dos cales 21.499,10 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE O PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2022RPE009802, de data 30.05.2022, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 30 de setembro de 2022 que di:

“En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou emitir informe desfavorable ao documento do Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín que fora presentado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia mediante escrito de Rexistro 2021RPE017546 de 05.07.2021 para informe sectorial de estradas provinciais, en tanto non se modificaran determinados aspectos que se sinalaban no informe do Servizo de Vías e Obras.

O documento que presenta con data 30.05.2022 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia contén as modificacións referentes ás estradas provinciais que se consideran conformes ás condicións que se establecían no acordo plenario de 22.10.2021, polo que se propón a emisión de informe favorable á documentación remitida do PBM de Ribeira de Piquín con data de redacción marzo de 2022.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín (Lugo), recibido o 30.05.2022 con número de Rexistro 2022RPE009802.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



5.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA PARA O OUTORGAMENTO DUNHA CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO AREA RECREATIVA OS ROBLES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data do 15.07.2022 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, acorda, entre outros, iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa mediante o outorgamento dunha concesión demanial que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Area Recreativa Os Robles e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedementode concorrencia pública e adxudicación por concurso.

Tendo en conta que con data 20.07.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o anuncio da licitación e o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrencia pública.

Tendo en conta que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, constitúese, con data do 26.08.2022, a Mesa de Valoración e reúnense todos os seus integrantes para a celebración da sesión, dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non existen licitadores que presenten oferta para este procedemento acordándose por unanimidade da Mesa de Valoración, e da que forma parte a Intervención Provincial, propoñer ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento, como reflexa a Acta asinada o día da súa celebración baixo o CSV IV7AWGC6PNHYR3GOQAGDCZHQ6E.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xera Sección de Patrimonio de data do 26.08.2022 2022, con CSV IV7AWGL5N54IJNE65RFQ4ZTU44 que considera axustadas ao prego reitor do procedemento as conclusións da Mesa de Valoración para a formulación da proposta de declaración de deserto do dito procedemento para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Ademais sinala que a Deputación de Lugo podería acordar o outorgamento da citada concesión demanial mediante a adxudicación directa baixo as mesmas condicións e con sometemento ao prego reitor do procedemento decaído deserto sempre que non houbera transcorrido máis dun ano dende a celebración do procedemento, tal e como establece a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (Art. 93.1 e Art.137.4 d).

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

Declarar deserto o procedemento de outorgamento dunha concesión demanial para a explotación do dominio público provincial denominado Area Recreativa Os Robles.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA DA RECOLLIDA E VENDA DE LEITE CRU PRODUCIDA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O procedemento de concorrancia pública, da recollida e venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro, tramitado co número de expediente 2022/XEN_01/001002, foi aprobado pola Xunta de Goberno celebrada o 03.06.2022, en sesión ordinaria, xunto co seu prego reitor de cláusulas administrativas.

O dito procedemento, con data 10.06.2022 a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público foi publicado o anuncio da licitación e o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrancia pública.

Unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, con data do 08.07.2022, reúnense todos os integrantes da Mesa de Valoración para a súa constitución e celebración da sesión,



dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, da única proposta presentada ao procedemento subscrita pola representación de Feiraco Lácteos, SL e sobre a que se determina solicitar informe ós Servizos Técnicos da Granxa

De novo, con data de 26.08.2022 réunese a Mesa de Valoración de cuxa sesión a Acta asinada o 30.08.2022, baixo o CSV IV7AWP233ABNZJONUL4NC3YEAI presenta, entre outro, o seguinte contido:

(...) Se procede a dar conta do informe de valoración elaborado pola Granxa provincial con data do 21.07.2022 baixo o CSV IV7DECAKHJH236F2UNXH57SCPY sobre a proposición presentada subscrita por Feiraco Lácteos, SL e no que conclúe: (...) propón se admita a proposta e se continue coa tramitación do procedemento, sen prexuízo de que a Mesa adopte as decisións que estime pertinentes.

Á vista do citado informe a Mesa, e da que forma parte a Intervención Provincial, por unanimidade, considerando que a proposición resulta axustada ao prego reitor do procedemento, procede a formular a proposta de adxudicación a favor de Feiraco Lácteos, SL e insta a solicitar a expedición dos certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, todo o que que elevará ao órgano competente para a súa aprobación, se procedese.

Consta no expediente os certificados positivos a nome de Feiraco Lácteos, SL en relación coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Posteriormente, uha vez adxudicado o presente procedemento, segundo o contido da cláusula 15: (...) O documento de adxudicación do contrato da recollida e venda de leite cru producida na Granxa Provincial deberá formalizarse entre a Administración e o adxudicatario, dentro dos 30 días seguintes ao da notificación da adxudicación (...).

De acordo co exposto, o Secretario Xeral Sección de Patrimonio con data do 30.08.2022, baixo o CSV IV7AXTBZKBJT7TRLQAX4OJITHY, informa que a proposta formulada pola Mesa de Valoración resulta axustada ao prego reitor do procedemento, polo que procede a formulación

da proposta de adxudicación a favor de Feiraco Lácteos, SL para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede, a teor do artigo 59.10 do Regulamento Orgánico desta Deputación proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento relativo á recollida e venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro a favor de Feiraco Lácteos, SL.

2º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e formalizar o acordo regulador da recollida e venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro entre esta Deputación de Lugo e Feiraco Lácteos, SL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADXUDICACIÓN DIRECTA DO OUTORGAMENTO DUNHA CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO ÁREA RECREATIVA OS ROBLES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data 15.07.2022 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, acorda, entre outros, iniciar a tramitación dun novo procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa mediante o outorgamento dunha concesión demanial que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Area Recreativa Os Robles e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso.

Con data 20.07.2022 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o anuncio da licitación e o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento de concorrencia pública.



Con data do 29.08.2022 asínase baixo o CSV IV7AWPI5HZGJR24IYYXWAVHEB4 unha proposta para que, se procede, a Xunta de Goberno declare deserto o procedemento de outorgamento dunha concesión demanial para a explotación do dominio público provincial denominado Area Recreativa Os Robles atendendo á ausencia de licitadores que presentaran oferta para este procedemento segundo consta no numero de expediente 2022/XEN_01/001289 tramitado ao efecto.

En relación co citado procedemento de concorrencia pública, a Secretaría Xeral Sección de Patrimonio o 26.08.2022, con CSV IV7AWGL5N54IJNE65RFQ4ZTU44, informou que, unha vez aprobada a proposta de declaración de deserto, esta Deputación de Lugo podería acordar o outorgamento da citada concesión demanial mediante a adxudicación directa baixo as mesmas condicións e con sometemento ao prego reitor do procedemento decaído deserto e sempre que non houbera transcorrido máis dun ano dende a celebración do procedemento, tal e como establece a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (Art. 93.1 e Art.137.4d).

Con data do 26.08.2022 a mercantil Terras de Lugo, SL presenta escrito no que manifesta o seu interese na adxudicación da explotación e utilización privativa do inmovible provincial Área Recreativa Los Robles solicitando que, con pleno sometemento ás condicións e ao prego reitor publicado na Plataforma de Contratación del Sector Público o 20.07.2022, se proceda á adxudicación directa da explotación do dito inmovible para a realización da actividade de cafetería e restaurante acompañando a proposición relativa ao prezo e á proposta de explotación.

Tendo en conta que constan no expediente os certificados positivos a nome de citada mercantil en relación coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral. Sección de Patrimonio asinado o 31.08.2022 baixo o CSV IV7AXXCLJBZ4ISU7UMPQ6D3BBY no que estima que a proposición presentada por Terras de Lugo, SL. cumpre co establecido no prego reitor e coa lexislación vixente, polo tanto, poderá someterse á aprobación da Xunta de Goberno a formulación da adxudicación directa da ocupación privativa mediante o outorgamento da concesión demanial para a explotación do inmovible provincial denominado Área Recreativa Os Robles a favor da dita mercantil.

Tendo en conta que a Intervención Provincial no manifesta ningún inconvinte.

Tendo en conta o acordo desta Xunta de Goberno sobre a proposta de que, se procede, se declare deserto o procedemento de outorgamento dunha concesión demanial para a explotación do dominio público provincial denominado Área Recreativa Os Robles tramitado baixo o número 2022/XEN_01/001289.

Por todo canto antecede, a teor do artigo 59.b)11 do Regulamento Orgánico desta Deputación proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar a adxudicación directa do outorgamento dunha concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Área recreativa Os Robles a favor de Terras de Lugo, S.L.

2º.- Requirir ao concesionario para a constitución dunha garantía do 3 % do valor do dominio ocupado cuantificada en en 17.271,55 €.

3º.- Formalizar entre a Administración e o concesionario o acordo regulador da presente concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL DUN EMPREGADO LABORAL TEMPORAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Manuel Casares Rodríguez, presta servizos como Peón Granxa, con contrato de duración determinada, modalidade: Interinidade, adscrito á Unidade de Portería e Vixilancia.



Resultando que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 12 de agosto de 2022, foille recoñecida a D. José Manuel Casares Rodríguez a pensión de Incapacidade Permanente, no Grao de Total, con efectos económicos do día 21 de maio de 2022.

Consideracións legais e técnicas.

O artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A comunicación do Instituto Nacional da Seguridade Social establece literalmente que:

“(...)

“Se informa, a efectos de reserva do posto de traballo, que se procederá a instar o procedemento de revisión por previsible melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, de acordo co disposto no artigo 48.2 Estatuto dos Traballadores”.

Considerando que o artigo 49.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante, ET), establece que o contrato de traballo extinguirase, entre outras causas, por “(...) incapacidade permanente total ou absoluta do traballador sen prexuízo do disposto no artigo 48.2”.

A este respecto, o artigo 48.2 do ET dispón: “No suposto de incapacidade temporal, producida a extinción desta situación con declaración de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, absoluta para todo traballo ou grande invalidez, cando, a xuízo do órgano de cualificación, a situación de incapacidade do traballador vaia ser previsiblemente obxecto de revisión por melloría que permita a súa reincorporación ao posto de traballo, subsistirá a suspensión da relación laboral, con reserva do posto de traballo,

durante un período de dous anos a contar desde a data da resolución pola que se declare a incapacidade permanente.”

Segundo o disposto no artigo 48.2 e dado que a Dirección Provincial de Lugo do INSS (órgano de cualificación da incapacidade) sinala que se procederá a instar o procedemento de revisión por previsible melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, enténdese que subsiste a suspensión da relación laboral, con reserva de posto de traballo.

Tendo en conta as consideracións anteriormente sinaladas e visto os informes dos servizos, procede que pola Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, se formule proposta á Xunta de Goberno para que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011, acorde:

Declarar a suspensión da relación laboral, con reserva de posto de traballo, desta Entidade con D. José Manuel Casares Rodríguez, dende o día 21 de maio de 2022, data na que lle foi recoñecida a situación de Incapacidade Permanente no Grado de Total, sendo o derradeiro día de traballo o 20 de maio 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN CAPATAZ DE CAMIÑOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Alfonso Fernández Alonso, nacido o 28 de setembro de 1957, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de “Coordinador/a Xefe/a II Vixilancia Vías Provinciais, presentou escrito o pasado 27 de xuño de 2022, dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita a prolongación de permanencia no servizo activo.



En relación ao solicitado, o Sr. Xefe do Servizo de Vías e Obras, coa conformidade do Presidente, por Delegación, en data 29 de agosto de 2022, emite o seguinte informe en relación ao solicitado:

“Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, en relación ao expediente 2022/PES_03/012462, de 27 de xuño de 2022, presentado por D Alfonso Fernández Alonso, no que solicita á Presidencia a prolongación no servizo activo, informa:

Dende o Servizo xestiónanse preto de 4.200 qm de estradas pertencentes á Rede viaria da Deputación provincial, formando unha rede primordial para a comunicación da poboación da provincia, afectando a tódolos sectores da mesma.

A magnitude da rede viaria provincial, e a complexidade da mesma, que ven dada pola dispersión poblacional e as especiais condicións topográficas e climatolóxicas, fai complicadas as tarefas de xestión da rede.

Actualmente o Servizo conta cun déficit de persoal, en cantidade e cualificación importantes.

D Alfonso Fernández Alonso está de desempeñar o posto de Coordinador Xefe Vixilancia Vías Provinciais, posto que mantén desde fai anos con especial adicación, tanto no desempeño da súa laboura como no trato co persoal asignado ao servizo, como amosan as súas avaliacións no desempeño do seu traballo dos últimos anos polos distintos xefes de servizo, alcanzando o nivel de cualificación de superior no seu rango máis alto (45 puntos).

Este posto ten responsabilidade xerárquica sobre os postos de Capataces, Vixiantes de Vías de obras e un obreiro.

Dende o servizo considérase necesario a prolongación do servizo a Don Alfonso Fernández Alonso por ter coñecemento, experiencia e dedicación idónea e necesaria para afrontar os cambios que se puideran derivar dos procesos selectivos de estabilización (5 Capataces, 1 Vixilante de Vías e Obras e 1 Obreiro), xa que podería afectar a prestación do servizo coa calidade, eficacia e eficiencia coa que se ben prestando, así como pola dificultade actual de provistar o seu posto de traballo.

Polo anteriormente exposto, atendendo ás necesidades do Servizo, e á capacidade, experiencia e ao superior desempeño no posto de traballo de D Alfonso Fernández Alonso,

considérase necesaria a súa prolongación no servizo activo, toda vez que alcanza a idade legalmente establecida de 65 anos no vindeiro mes de setembro.

É polo que se propón á Presidencia a prolongación no servizo activo de D Alfonso Fernández Alonso, unha vez teña cumpridos os 65 anos.

O que se informa para o seu coñecemento a aos efectos oportunos.”

Consideracións legais e técnicas.

A Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:



a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

b) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

c) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararase a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, D. Alfonso Fernández Alonso posúe o coñecemento, experiencia e dedicación idónea e necesaria para afrontar os cambios que se deriven dos procesos selectivos de estabilización (5 Capataces, 1 Vixilante Vías e Obras e 1 Obreiro) ao que se suma a dificultade actual para provistar o seu posto de traballo.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido, e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo e considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión do funcionario de carreira, D. Alfonso Fernández Alonso de prolongar a permanencia no servizo activo, polo período dun ano, é dicir, dende o 29 de setembro de 2022 ata o 28 de setembro de 2023.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.